

ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA E NO PERFIL DE CONTRATANTE

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 10 de setembro de 2008, adxudicouse definitivamente o contrato de obras da denominada “Humanización da praza Maior, nas Neves”, o que se publica aos efectos do artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

1. Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Concello das Neves.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2. Obxecto do contrato.

- a) Tipo de contrato: De obra.
- b) Descrición do obxecto: “Humanización da Praza Maior de As Neves”, conforme ao proxecto técnico do mesmo nome, redactado polo enxeñeiro de camiños Alberto Moreno García e aprobado pola Xunta de Goberno Local o 28 de maio de 2008.
- c) Lote: Non hai lotes.
- d) Publicidade: Realizáronse invitacións. Anuncio no Perfil do Contratante o 1 de agosto de 2008.

3. Tramitación e Procedemento de Adxudicación.

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

4. Prezo do Contrato.

Prezo: 166.373,99 euros e 26.619,84 euros de IVE.

5. Adxudicación Provisional.

- a) Data: 22 de agosto de 2008.
- b) Contratista: Belypa Construcciones, S.L.
- c) Nacionalidade: Española.
- d) Importe e características da adxudicación: Prezo de 166.373,99 euros e 26.619,84 euros de IVE, debendo executar obras cun orzamento total de execución de 51.876,69 euros (dos que 4.819,27 euros corresponden a unha mellora na calidade de materiais e 32.761,64 euros a melloras na cantidade de unidades de obra), así como executa-las no prazo de 4 meses –que significa unha redución de 60 días naturais sobre o tempo marcado no proxecto–, e debendo responder das mesmas nun prazo de 18 meses máis sobre o estipulado, elevándose a un total de 30 meses de garantía.

6. Adxudicación definitiva.

- a) Data: 10 de setembro de 2008.

- b) Órgano: Xunta de Goberno Local.
- b) Contratista: Belypa Construcciones S.L.
- c) Nacionalidade: Española.
- d) Importe de adxudicación: O mesmo que a provisional.

As Neves, 12 de setembro de 2008.

O Alcalde-Presidente,

Asdo.: Raúl Emilio Castro Rodríguez.